

Libros

Hamit Bozarlsan, "Sociologie politique du Moyen Orient", Éditions La Découverte, Paris, 2011. 125 páxinas. ISBN: 978-2-7071-6704-0

Ferrán Izquierdo Brichs (ed.), "Poder y regímenes en el mundo árabe contemporáneo", Edicions Bellaterra e Fundació CIDOB, Barcelona, 2009, 416 páxinas. ISBN: 978-84-92511-11-2

Cun mundo árabe en plena (e incerta) transformación política, cómpre abordar as súas complexidades dun xeito xeral e sintético, fuxindo de aproximacións simplistas. A pesar da súa aparente homoxeneidade cultural e relixiosa, os países árabes, e Oriente Próximo en particular, amosan unha diversidade poucas veces apreciada desde Occidente.

Resulta, por tanto, apresurado emitir conclusións e apreciacións sobre a dinámica de cambios que actualmente ocorren na rexión, en particular trala caída das autocracias presidenciais de Zine el Abidine Ben Alí na Tunisia e de Hosni Mubarak no Exipto a comezos de 2011. Ou ben da incerteza que se comeza a percibir na fragmentada Libia post-Gadafi, trala intervención militar da OTAN co apoio da ONU iniciada en marzo pasado. Ou sobre o futuro da Siria, o Iemen, o Golfo Pérsico, o alcance da nova xeopolítica de Turquía na rexión, ou que sucederá cunha Palestina que recentemente (setembro de 2011) presentou ante a ONU a súa histórica e lexítima pretensión de recoñecemento estatal. Son moitos os escenarios que se abren na rexión neste histórico 2011, comunmente denominado como "a Primavera árabe".

Nin o clarificador libro de Bozarlsan nin a obra colectiva editada por Ferrán Izquierdo abordan estes acontecementos de actualidade no mundo árabe e Oriente Próximo. De feito, só a obra de Bozarlsan apareceu temporalmente paralela aos cambios na rexión, xa que foi editada en febreiro de 2011. O de Ferrán Izquierdo é un texto anterior (2009), co que non intúe directamente a posibilidade de cambios inmediatos. Pero a súa análise non deixa de ser reveladora á hora de analizar os actores, escenarios e factores de poder existentes en países como a Alxeria, o Exipto, a Mauritania, a Siria, a Palestina, o Líbano, a Xordania, a Arabia Saudita e Marrocos, algúns deles inmersos na actual dinámica de cambios e outros aparentemente inmunes á "revolución".

A obra editada polo profesor da Universidade Autónoma de Barcelona, Ferrán Izquierdo céntrase principalmente na identificación dos "actores", dos seus intereses e dos escenarios políticos existentes no mundo árabe. Pola

súa banda, o libro de Bozarslan, director de estudos da École de Haute Études en Sciences Sociales de París, interésase especialmente en analizar o contexto histórico e cultural no que se forma o concepto de “Oriente Próximo”, tomando como base as percepcións que se obteñen desde o prisma do imperialismo occidental e da escola “orientalista”, e dos paradigmas existentes no mundo árabe (nacionalismo, panarabismo, nasserismo, islamismo, etc), que están inseridos noutros factores ancestrais, como a confesión relixiosa, as etnias ou as comunidades tribais.

Bozarslan tamén descifra como os diversos acontecementos que acicalaron as etapas históricas do Oriente Próximo contemporáneo (caída do Imperio Otomano en 1918, imperialismo francés e británico no mundo árabe, creación do Estado de Israel en 1948, revolución iraniana en 1979, “guerra contra o terror” a partir de 2001, etc.), inflúen na composición sociolóxica e política do mundo árabe e do Oriente Próximo actual. Factores traducidos na influencia do paradigma da “modernidade occidental” na configuración de movementos de liberación nacional de carácter laico no mundo árabe, ben como nas ideoloxías panarabista, nacionalista ou socialista en países como Exipto (nasserismo), Siria ou Iraq (ba’athismo); ou ben a influencia e impacto do tribalismo e das comunidades étnicas ou relixiosas nas estruturas de poder en países como o Líbano, sen esquecer a presenza do islamismo político como referente ideolóxico, principalmente en países como Irán.

Bozarslan estuda igualmente a fondo o factor da “lexitimidade do poder estatal” no Oriente Próximo, configurando a presenza de Estados “totalitarios”, “hexemónicos” ou “autoritarios” que, ironicamente, non garanten precisamente unha completa adhesión social. Resulta curioso que Bozarslan considere que en países como a Turquía ou levemente o Irán, a autoridade estatal sexa máis homoxénea e forte para responder as ameazas internas ou externas, ben como para orientar as demandas sociais, que noutros países como o Líbano, a Xordania, a Libia, o Iraque ou o Iemen, onde as adhesións de carácter sectario (tribal, clans familiares, etnias, confesión relixiosa) son moito máis poderosas que a persistencia dunha autoridade estatal formal.

Pola súa banda, a obra editada por Ferrán Izquierdo aborda, en casos máis específicos, a socioloxía do poder no mundo árabe. Esta énfase anteriormente sinalada sobre a preeminencia dos “actores”, das “elites no poder”, dos “movementos opositores” e “contestatarios” (islamitas, esquerda, movementos sociais), da estrutura de poder (burocracia, elites económicas, forzas armadas), outorga a esta obra un carácter complementario á de Bozarslán. E igualmente un carácter integrador, tendo en conta que os colaboradores desta obra colectiva son recoñecidos expertos no mundo árabe e islámico, como Ignacio Álvarez-Ossorio, Ignacio Gutiérrez de Terán, Fred Hallyday, George E. Irani, Luciano Zaccara e Gema Martín Muñoz.

Un aspecto revelador desta obra colectiva considera que “*as estruturas de poder no mundo árabe presentan unha serie de características que dificultan a democratización na rexión*” (“La Sociología del poder en el mundo árabe contemporáneo”, introdución de Ferrán Izquierdo Brichs e Athina Kemou). Un factor a levar en conta se observamos con atención a evolución das transicións actuais na Tunisia, o Exipto ou a Libia.

En comparación, e a maneira de conclusión, Bozarslán deixa abertos os escenarios, ao considerar que o “*Oriente Próximo evoluciona baixo un réxime de incerteza que dificulta (...) toda predición (...) nun futuro un tanto pouco visible*”. Ideas e percepcións que planearán, con seguridade, sobre os alicerces nos que se coloca a actual “Primavera árabe”, pero cuxo impacto está por verse ante as demandas das sociedades árabes de democratización, participación plural e progreso socioeconómico.

Roberto Mansilla Blanco

David Smilde e Daniel Hellinger (editores), “Venezuela’s Bolivarian Democracy. Participation, Politics and Culture under Chávez”, Duke University Press, Durham e Londres, 2011. 381 páxinas. ISBN: 978-0-8223-5024-8

Kirk A. Hawkins, “Venezuela’s Chavismo and Populism in Comparative Perspective”, Cambridge University Press, Nova York, 2010. 290 páxinas. ISBN: 978-0-521-76503-9

A actualidade política venezolana recobra relevancia, cun horizonte orientado cara o proceso electoral presidencial de 2012 e a publicamente anunciada enfermidade do seu mandatario, Hugo Chávez Frías, a mediados de 2011. Un interese que está provocando a aparición de estudos e investigacións, principalmente en EEUU, sobre a esencia da “revolución bolivariana” e do “Socialismo do Século XXI”.

Sexa como sexa, a anunciada enfermidade de Chávez altera significativamente o panorama político venezolano. Mentres a oposición tenta atinxir unha incerta unidade política e electoral, a través da realización de eleccións primarias para elixir unha eventual candidatura unitaria, o presidente Chávez acelera o proceso de fortalecemento da “sociedade socialista” en Venezuela, pero coas incógnitas identificadas no alcance da súa saúde persoal, un elemento clave e decisivo para determinar a enerxía do proceso revolucionario, ben como os escenarios políticos a medio prazo.

Aparece así a obra editada por David Smilde (Georgia University) e Daniel Hellinger (Webster University); un libro que pode considerarse como unha referencia chave para as investigacións sobre a Venezuela de Chávez. Con notables achegas de investigadores venezolanos e estadounidenses, este libro aborda unha metodoloxía diferente á tradicionalmente utilizada para analizar a actualidade venezolana. Ambos os editores, abertamente interesados pola persistencia e alcance do modelo de “democracia participativa” impulsado por Chávez, a pesar das presións internas e externas na súa contra, xa publicaran anteriormente diversos estudos sobre a realidade venezolana, os cales son constantemente utilizados como referencia por outros investigadores.

Os autores e colaboradores deste libro ofrecen unha completa aproximación á realidade venezolana a través da análise sobre a evolución da “democracia participativa”, a lideranza de Chávez e o alcance das súas Misións Sociais, e cómo este escenario afonda na polarización social e política, especialmente visible a través dos medios de comunicación, que permite elaborar un revelador capítulo sobre a política racial, o “etnopolulismo” e as imaxes de representación sobre a Venezuela de Chávez.

Outros enfoques alternativos deste libro abordan a presenza dunha nova realidade comunicativa (medios comunitarios do “chavismo” contra os *mass media* privados opositores), e o cada vez maior interese en Venezuela por afrontar unha “historia cultural e popular”. Mesmo a polarización entre “chavistas” e “antichavistas” se reflicte nun dos referentes clásicos da imaxe que se ten da Venezuela no exterior (caso das telenovelas). Un capítulo final céntrase no peso dos credos evanxélicos e católicos dentro da polarización existente na Venezuela actual.

Unha investigación máis específica é a do libro de Kirk A. Hawkins, quen tamén colabora na obra editada por Smilde e Hellinger a través do capítulo “The Missions of Chavez Government”. Precisamente, o tema das Misións Sociais convértese na base do estudo comparativo de Hawkins sobre o “chavismo” e o populismo clásico.

Hawkins establece que os “Círculos Bolivarianos” (fomentados a partir de 1999) e, posteriormente, as Misións Sociais (basicamente educativas, sanitarias e alimentarias) impulsadas por Chávez a partir de 2003 e que, dalgunha forma, substitúen na actualidade os Círculos Bolivarianos, son estruturas chave inseridas na Revolución Bolivariana que, ao tempo, explican a popularidade do presidente venezolano, obviamente xunto ao seu carisma e un discurso político tan reivindicativo como polarizador. Hawkins observa o populismo como unha “visión maniquea” da realidade, un factor do que non está exento o “chavismo”, pero que necesariamente permite a identificación e conexión de Chávez coas capas populares venezolanas.

Como crítica ao proceso, Hawkins aduce a “baixa institucionalidade” (*low institutionalization*) tanto dos Círculos como das Misións, aínda

que reconece a súa beneficiosa expansión nas capas socioeconómicas mais populares. Pero a preocupación de Hawkins reside na persistencia de problemas crónicos, como a burocratización, a corrupción e a “masificación” dun discurso populista e polarizador que, xunto a outros elementos visibles nos últimos anos na política venezolana como o notorio esvaecemento da división tradicional de poderes públicos, implicarán dificultades no futuro da democracia venezolana.

Smilde e Hellinger non ofrecen unha diagnose específica sobre o futuro inmediato da democracia venezolana, pero establecen a necesidade de aplicar un enfoque diferente á tradicional aproximación establecida en torno aos procesos e acontecementos políticos e electorais. A súa defensa da aproximación á realidade social e cultural da Venezuela de Chávez abre a investigación cara unha serie de pluralidades que permitirán ofrecer unha radiografía máis completa. Como conclúe o propio Smilde: “*se os científicos sociais e os xornalistas manteñen os seus ollos fixos nas convencionais áreas da política, fracasarán nunha completa comprensión sobre Venezuela, non só na actualidade senón na era post-Chávez*”.

Roberto Mansilla Blanco

HEGOA e ACSUR-Las Segovias, “ACTAS Encuentro Feminismos en la agenda del desarrollo”, Bilbao, 27-28 maio de 2010. 158 páxinas.

A publicación “*ACTAS Encuentro: Feminismos en la agenda del desarrollo*” recolle as intervencións e conclusións do encontro que leva ese mesmo nome e que se celebrou os días 27 e 28 de maio de 2010 en Bilbao, no marco do proxecto “Xénero na educación para o desenvolvemento: temas de debate Norte-Sur para a axenda política das mulleres”, impulsado pola ONGD ACSUR-Las Segovias e HEGOA e que contou coa colaboración e financiamento da Dirección de Cooperación para o Desenvolvemento do Goberno Vasco e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Esta publicación, froito de catro anos de traballo coordinado entre mulleres do Norte e do Sur, eríxese nunha ferramenta fundamental para comprender a realidade política e social actual desde o punto de vista das mulleres, e por ende, desde o punto de vista feminista, fuxindo da visión parcial que nos ofrecen as análises e reflexións patriarcais, a partir das que se acepta que a realidade que viven e observan os homes é a única válida e recoñecida.

Do mesmo modo, deste marco de reflexión establecido neste Encontro xorden interesantes propostas e iniciativas para avanzar na consecución dos Dereitos Humanos das mulleres e para outro modelo de desenvolvemento entre mulleres e homes, que resultan ferramentas indispensables para o traballo en cooperación para o desenvolvemento tanto nas organizacións do Norte como do Sur (movementos feministas, ONG, movementos sociais, Administracións públicas, etc).

Este encontro, que reuniu feministas dun e doutro lado do ecuador, achegou aos axentes da cooperación internacional estratexias para a incorporación do enfoque de xénero e avanzar no paradigma do desenvolvemento humano sustentable con equidade de xénero. Tal paradigma postula que non é posible o desenvolvemento cando máis do 50% da poboación, que somos as mulleres, vive en situación de marxinação permanente. É por isto que se fai necesaria a asunción da situación desigual de partida na que nos atopamos mulleres e homes en calquera ámbito das nosas vidas e a necesidade de equipáramonos unhas e outros no que ten a ver co noso empoderamento (fronte ao poder exercido polos homes sobre as mulleres) e no que ten a ver co acceso á participación, aos recursos, e ás oportunidades.

A partir desta publicación, establécense unhas posibles liñas de traballo que sitúan o discurso e a práctica feminista nas políticas e accións dos axentes de desenvolvemento, ben como nas políticas de cooperación internacional con claridade e impacto.

As organizacións impulsoras deste Encontro e da publicación resultante manifestan a súa posición política na exposición e tratamento dos tres eixos temáticos que se abordan: a) os dereitos económicos das mulleres; b) o papel das mulleres nos conflitos armados e na construción da paz e os impactos de xénero nestas dúas casuísticas; c) a participación política e cidadá das mulleres. Afóndase na realidade das mulleres latinoamericanas nestes tres eixos temáticos e amósanse experiencias das organización feministas do Sur, que teñen por obxectivo a construción dun modelo de desenvolvemento sustentable baseado na equidade de xénero.

Como resultado principal deste evento, que tamén aparece recollido na publicación, foi elaborada a Axenda Feminista para o Desenvolvemento, un documento reivindicativo dos intereses e necesidades das mulleres, que se presenta coma un documento indispensable para calquera entidade tanto do Sur coma do Norte que traballe no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

Andrea Manuela García Corzo

VV.AA, *“A ollada exterior do nacionalismo galego”*, Fundación Galiza Sempre, 2010, 154 páxinas. ISBN: 978-84-936100-5-0

O presente compendio de textos confeccionouse baixo a dirección da Fundación Galiza Sempre, que de sempre se destaca no seu traballo por situar a Galiza no planeta, nun tempo onde existir no globo e saber comprenderse para relacionarse co exterior é peza básica de calquera tratamento de xeito dos tempos que corren.

“A ollada exterior do nacionalismo galego” é así, na actualidade, un tema sobre o que se fai preciso reflexionar, dos seus distintos vieiros, nacementos e actuais marcos nos que estamos inseridos. A obra comeza de maneira satisfactoria para o lector, cun texto de Pilar García Negro que, partindo das nosas vangardas literarias e de Rosalía de Castro en particular, fai referencia a ese nós que se autorrepresenta, dignificándonos diante da ollada dos que miran o país desde outros ollos nacionais. O arranque do sermos, que durante todo o volume se demostra, tamén arrancará con Manuel Murguía.

Posteriormente, iniciado o camiño, Justo Beramendi e Xulio Ríos enmarcan historicamente o nacionalismo da primeira metade do século XX, cos vínculos internacionais e as inquietudes políticas que destes se desprendían. Coincide a lectura de que a década de 1930 é de particular importancia na preocupación por facer parte do mundo desde a idea de nación galega. Mais, aquí, Beramendi resta relevancia práctica á heterodoxa maneira de relacionarse co exterior do nacionalismo galego orixinario, Pola súa banda, Xulio Ríos incide na dinámica esencial das mesmas, no trazo gordo común, o universalismo, para comprender a existencia do propio movemento. Universalismo que se xulga que ás veces non se incorpora como as velocidades do século XXI obrigarían.

Saíndo da raizame, encóntanse os textos de Uxío Breogán e Luís Gonçalves Blanco “Foz”, que se cadra si son raizame precisa, mais dentro do imaxinario actual do nacionalismo galego. Así, ao paso que Breogán repasa as lecturas e influencias dos movementos de independencias das vellas metrópoles africanas, especialmente lusófonas, no nacionalismo que se organiza na ditadura e que medrará exponencialmente desde a transición democrática, o segundo autor céntrase na Carta de Brest (Bretaña, febreiro de 1974) como o documento referencial para comprender a orde non institucional onde se movía o nacionalismo galego revolucionario nas décadas de 1960, 1970, e até 1980, e que segue a ser hoxe imaxinario preciso do nacionalismo extraparlamentario.

Finalmente, encontramos unha serie de textos que poderían definir a situación recente e actual desa maneira de relacionármolos co exterior, desde o nacionalismo galego institucionalizado. Así, Galiza, e máis alá da relación de autonomía co seu Estado, participa no mundo global por medio da rexiona-

lización planetaria que significa a Unión Europea. E alí, para a historia deste proceso institucional, o BNG é o actor referencial.

Conta o compendio coas achegas de Xavier Vence e de Camilo Nogueira, distintas e complementarias, e que delimitan as implicacións e os movementos que para a nación e o nacionalismo significou Europa, e ese primeiro chanzo da globalización institucional en Galiza. Neste ámbito europeo e máis alá, e marcadamente tinxindo as relacións internacionais do BNG, encádrase tamén a achega de Encarna Otero, na que se considera como Galiza ten presenza de seu nos foros internacionais a través da Conferencia de Nacións sen Estado de Europa Occidental (CONSEO) e da Conferencia de Nacións sen Estado en Europa (CONSEU).

Finalmente, contamos con dous textos cun horizonte de futuro promisorio, que abordan as estratexias necesarias para a supervivencia do nacionalismo no século XXI. Un destes textos é o de Xosé Manuel Beiras e a súa historia da incorporación de Galiza ao Foro Social Mundial, desde a propia Fundación Galiza Sempre e o BNG, mais incorporando ao grupo novos movementos, que máis alá do partido orgánico do nacionalismo, participaron das dinámicas altermundialistas. Historia a reforzar e a dotar de sentido desde aquí mesmo, onde cruzarnos con outros pobos e continentes con narracións históricas alternativas ao ocaso europeo actual.

E alí, no último texto do compendio, atopamos a achega de Ana Miranda, quen define a necesidade para xa, e tamén xa atrasada, de entroncar coa diáspora desde o nacionalismo e comprender o seu máis valor en todo o que significa a incorporación de Galiza á sociedade internacional. Redefinir estratexias incorporando a diáspora do mundo globalizado.

En conclusión, unha publicación imprescindible para todas aquelas persoas que se encontren repensando o futuro do nacionalismo galego, e que cómpre estirar, encher de sentido e dotar de valor real, para esta segunda década de século XXI, fortemente determinada por unha crise global que nos ten a todos interconectados na depresión.

Daniel González Palau

Jenny Clegg, “China’s Global Strategy. Towards a Multipolar World”, Pluto Press, 2009. 288 páxinas. ISBN: 978 0 7453 2518 7

O libro *China’s Global Strategy. Towards a Multipolar World* destaca a análise do enfoque multilateral que a China adopta na súa relación co resto dos actores da escena internacional.

A autora, Jenny Clegg, mestra de Estudos Internacionais na Universidade Central de Lancashire e especialista en asuntos chineses, presenta a súa obra cunha división en tres partes. A primeira parte enmarca o ascenso da China no amplo contexto do binomio unipolar-multipolar das relacións sino-estadounidenses. Na medida en que os EUA avogan por “un sistema que serve para todos”, a China pretende a unión de esforzos a nivel rexional pero respectando a soberanía nacional e o principio de non interferencia nos asuntos internos.

Por outra banda, a participación activa da China no multilateralismo rexional está axudando a inculcar un novo senso de crecemento compartido e comunidade na Asia. Traballando dentro das pautas rexionais existentes, a China está creando, rexión por rexión, unha nova orde de seguranza internacional. Clegg argumenta que a China ten a chave para a construción dun mundo máis pacífico e igualitario. Esta visión despréndese da análise que a autora fai do papel que a China desenvolve dentro de diversas organizacións rexionais como a Organización de Cooperación de Xangai ou a ASEAN +3, ben como o papel tan importante de Pequín nas conversas a seis bandas sobre o programa nuclear da Corea do Norte.

A segunda parte discorre a través da discusión sobre o camiño esencialmente socialista da China e considera como mediante a súa política de portas abertas e participación na economía global continúan a dirixir o seu curso de desenvolvemento. En termos económicos, Jenny Clegg caracteriza a adopción da globalización, non como o reforzamento do sistema capitalista, senón como o empurrón ao sistema socialista que, segundo a autora, aínda existe, no entanto adaptado ás circunstancias e características do denominado “país do centro”.

A terceira parte regresa á escena internacional onde os EUA e a China disputan o seu poder en diversas fronteiras. Este apartado analiza os parámetros da visión da China sobre a orde económica e política internacional. Traballando dentro das pautas rexionais existentes, a China está creando unha nova orde de seguranza internacional rexión por rexión.

Marola Padín Novas

Jorge I. Domínguez: “La política exterior de Cuba (1962-2009)”. Madrid, Editorial Colibri, 2009, 603 páginas. ISBN: 978-84-934605-7-0

“Cuba é un país pequeno, pero cunha política exterior de país grande”, así comeza o autor esta compilación de ensaios escritos ao longo de varias décadas. En efecto, Cuba ocupa unha posición modesta nas relacións internacionais. É un Estado pequeno; e con limitados recursos humanos, materiais e económicos. No entanto, non se limitou a manter meras relacións exteriores; polo contrario, desenvolveu unha política exterior propia.

Nalgúns momentos, a súa proxección internacional chegou a aseme llarse á dunha potencia mundial. Mostra disto foi o seu apoio político e material a outros movementos revolucionarios e insurxentes tanto na América Latina como noutras partes do Terceiro Mundo; ademais da súa intervención militar na África (o caso de Angola é o máis coñecido, aos que se engade o de Etiopía e tamén o de Alxeria fronte ao de Marrocos durante a denominada “guerra das areas” en 1963). Sen esquecer, por último, o seu asesoramento militar e asistencia social (en sanidade e educación, principalmente) a outros tantos países.

Non é ningún segredo que a súa política exterior estivo moi marcada pola posición xeopolítica que ocupa, fronteiriza con Estados Unidos. Non se pode entender a política cubana, toda a súa política, tanto exterior como interior, sen este condicionante. De feito, Washington representou, desde os primeiros días da revolución, a principal ameaza para a supervivencia do réxime. É necesario lembrar a invasión de Baía de Cochinos en 1961. Velaí que, como afirma o autor, profesor na universidade de Harvard, a supervivencia do réxime teña sido a prioridade da súa política exterior, moi centrada en manter a súa soberanía fronte ao coloso estadounidense.

Durante a Guerra Fría, Washington considerou a Habana como unha ameaza aos seus intereses na América Latina. Era un exemplo a imitar e, en particular, unha tentación a exportar. Pero, sobre todo, viu en Cuba unha baza estratéxica da Unión Soviética. A crise dos mísiles en 1962-63 é o exemplo que mellor ilustra ese momento. Á súa vez, Cuba buscou protección baixo o paraguas de seguranza soviético ante a ameaza que representaba Estados Unidos, contrarrestando así a súa vulnerabilidade.

Jorge I. Domínguez sostén que, lonxe de ser un monicreque da Unión Soviética, Cuba amosou unha grande autonomía fronte a Moscova. Mesmo mantivo algunhas políticas na América Latina e noutras partes do Terceiro Mundo que non estaban de todo en sintonía co pensamento internacional soviético. Durante os primeiros anos da revolución existiron importantes discrepancias. O propio Che Guevara sentiuse defraudado coa Unión Soviética

en materia de axuda económica. A súa concepción desenvolvementista, moi propia da época, de industrialización pesada, non foi secundada polo Kremlin, que se reservaba a prerrogativa da división internacional do traballo dentro do bloque socialista.

A presión exercida por Moscova sobre A Habana para que reconsiderara a súa posición no se fixo esperar: reduciu drasticamente o subministro de petróleo e as adquisicións de materia prima cubana. Finalmente, Fidel Castro deu o brazo a torcer co seu apoio á invasión soviética de Checoslovaquia en 1968. Era o prezo que requiría a reconciliación entre Moscova e A Habana até recompoñérense de todo as relacións bilaterais na década seguinte. Entón, Cuba demostrou ser a aliada máis fiable de Moscova no Terceiro Mundo, sobre todo na África, onde gañou algunhas importantes aliadas, como Angola e Etiopía.

A pesar das peculiaridades da política exterior cubana, o seu rol xeopolítico non foi moi diferente ao dos outros países do Terceiro Mundo, atrapados no medio da controversia bipolar. O agravamento da Guerra Fría outorgaba maior importancia aos actores locais que, en troca polo seu apoio, obtiñan maiores contrapartidas. Á inversa, ante unha maior distensión entre ambas as superpotencias, os Estados aliados na periferia do sistema internacional perdían o seu atractivo e, por tanto, a súa capacidade para obter beneficios derivados do seu apoio.

Con Cuba pasou algo parecido, pois en tempos de maior confrontación bipolar gozou dunha maior axuda, protección e, tamén, autonomía respecto da Unión Soviética. Pero a distensión entre Moscova e Washington situaba a Cuba nun lugar máis periférico e menos influente. Proceso que culminou co fin da Guerra Fría e a desaparición da protección soviética. Na mesma dinámica, o carácter fortemente ideolóxico da súa política exterior non foi un obstáculo para realizar concesións ao pragmatismo.

José Abu-Tarbush